

CURSO:		CFR FERROL – CURSO ERASMUS+ A2-B1		DATA	11/12/24 a 12/03/25
UNIDADE:		TÍTULO:	Curso Nivel A2-B1 encadrado dentro do Proxecto ERASMUS+	SESIÓNS:	10
OBXECTIVOS:		Coma obxectivo principal contemplaremos o feito de que os participantes gañen ou recuperen a confianza na fala en inglés e consigan adquirir certas habilidades orais e auditivas para ser capaces de entender e comunicarse en situacións cotiás. Aínda que tentaremos tocar tódolos temas propostos, adicaremos o comezo de cada sesión a lembrar a sesión anterior con algunha actividade ao efecto. Desta maneira, é posible que algún tema quede sen estudar.			
MATERIAIS:		Pizarra dixital Diversas actividades enfocadas á practica e producción oral. Esta programación é susceptible de modificación dependendo do nivel, evolución e intereses particulares dos/as alumnos/as.			
SESIÓN 1 GETTING TO KNOW YOU 11/12/24 17.00h-19.00h		• Reconexión con concetos quizáis olvidados e de que os/as estudantes entren no xogo de utiliza-lo idioma por norma, aínda que as veces cometan erros. Perde-la vergoña inicial será fundamental para poder avanzar nos contidos. • Adquisición de habilidades para facer presentacións e cómo presentarse a alguén que non se coñece. • Intercambio de información esencial. Presentar a outras persoas. • Traballo cooperativo. En grupos de tres, terán que inventarse unha conversa e posteriormente dramatizala para todos. Trataremos de corrixir posibles erros. • Coñecemento da EU: role play no que cada alumno adoitará una nacionalidade da Unión e deberán intercambiar información sobre a súa vida e países.			
SESIÓN 2 AIRPORT 08/01/25 17.00h-19.00h		• English in situations. At the airport.. Adquisición de capacidade de desenvolvernos nun aeroporto, cómo chamar ás distintas partes do aeroporto e o vocabulario necesario para afrontar calquera problema que poida xurdir. • Mediación: Terán que explicarse uns a outros diferentes carteis informativos que podemos atopar nun aeroporto. • Desenvolvemento no check-in na que terán que representar viaxes a diferentes países da UE. • Cómo reservar un billete de avión na páxina web. (transformación dixital) • Extra: Kahoot cos países e capitais da UE.			

SESIÓN 3 HOTEL 15/01/25 17.00h-19.00h	• English in situations. At the hotel. Resolución de problemas coa habitación ou algo que lles xurda na súa estancia. • Mediación. Situación na que, na recepción dun hotel nun país da UE, unha parella de viaxeiros deberán realizar mediación porque un deles non entende a lingua autóctona.
SESIÓN 4 WORK ROUTINE 22/01/25 17.00h-19.00h	Work. A teacher's routine. Adquisición de competencias no uso do presente simple centrados na rutina dos profes. Desta maneira seremos capaces de falar do noso día a día con fluidez. Atención aos -s de terceira persoa. Uso dos adverbios de frecuencia e expresións de frecuencia e o seu emprazamento na oración. Exposición dun pequeno discurso de dous minutos sobre as condicións e responsabilidades dun profesor español, para o caso que teñan que facelo nun dos proxectos do ERASMUS+.
SESIÓN 5 LOCATION DIRECTIONS 29/01/25 17.00h-19.00h	• Talking about locations. Telling where things are. Adquisición de vocabulario para localizar cousas no espazo, coma as preposicións e adverbios de lugar e cómo utilízalas para dicir onde están as cousas. • Competencia para proporcionar DIRECTIONS. Utilizaremos as preposicións xa vistas e máis outras expresións para seres capaces de explicar cómo chegar a un sitio. • Cross-curricular: Valores cívicos. Para demostraren o compromiso cívico dos cidadáns da UE, realizarán role play no que axudan alguén dando indicacións para chegar a un lugar dunha capital europea.
SESIÓN 6 DESCRIPTIONS OF PEOPLE 05/02/25 17.00h-19.00h	Descriptions of people. Adquisición de vocabulario para ser competente nas descrições de persoas tanto físicamente como no tocante á súa personalidade. Levaremos a cabo diferentes actividades enfocadas a traballo en parellas principalmente, nos que terán que describir a persoas un ao outro pero tamén en pequeno grupo, no que se incluírá a inclusión social independentemente da aparencia física ou condición económico-social. <u>Imaxinaremos que traballamos para a Cruz Vermella e estamos prestando axuda nunha crise con migrantes desembarcados na costa. Algúns deles non atopan a seus familiares. Formarán parellas nas que un adoitará o rol de cooperante e o outro o migrante.</u>

SESIÓN 7 FUTURE 12/02/25 17.00h-19.00h	• Talking about the future. Adquisición de competencia no uso do futuro nas súas diferentes formas. Uso de WILL/BE GOING TO Predicións. Plans cara a fin de semana. • Suxestións. Suxestións cando visitamos un lugar dun país da UE. Suxestións a un foráneo, o cal non entende moi ben noso idioma e teremos que mediar para chegar a mensaxe convenientemente. Plans para ir votar o domingo nas eleccións europeas.
SESIÓN 8 PAST 19/02/25 17.00h-19.00h	Adquisición de competencia no uso do pasado simple. Relating past events. Tocaremos basicamente o tema do pasado desde a perspectiva de contar cómo foi unha viaxe ou cómo pasamos a fin de semana nun dos países da UE. Tamén o que fixemos onte no colexio/instituto.
SESIÓN 9 SPORTS 26/02/25 17.00h-19.00	• Healthy living. • Veremos de qué maneira podemos levar unha vida saudable por medio dunha boa alimentación e un pouco de exercicio. • Gramaticalmente tocaremos os cuantificadores en máis os conectores. • Faremos actividades orais en parella e máis en grupo sobre os hábitos alimenticios. • O futuro: prepararse para as próximas Olimpíadas • Deberes: deberán preparar unha rutina semanal saudable na que inclúan descanso, alimentación e máis exercicio.
SESIÓN 10 GAMES DAY 12/03/25 17.00h-19.00	Revisión de contidos. Coma ésta é a última sesión, porporáanse diversos xogos relacionados con tódolos temas tocados até o momento a modo de repaso e para deixa-lo curso con bó sabor de boca.